



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Prácticas		Código	611440025
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Financeira e Contabilidade			
Coordinación	Fernandez Castro, Angel Santiago		Correo electrónico	angel.fernandez.castro@udc.es
Profesorado	Fernandez Castro, Angel Santiago		Correo electrónico	angel.fernandez.castro@udc.es
	Rego Veiga, Gustavo			gustavo.rego@udc.es
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Complementar a formación teórica do alumnado e facilitar a súa inserción laboral.		AM1	BM1 CM1
		AM2	BM2 CM2
		AM3	BM3 CM3
		AM4	BM4 CM4
		AM5	BM5 CM5
		AM6	BM6 CM6
		AM7	BM7 CM7
		AM8	BM8 CM8
			BM9
A asimilación por parte do alumnado da realidade institucional e/ou, empresarial no ámbito das súas respectivas profesións		AM1	BM1 CM1
		AM3	BM2 CM2
		AM4	BM3 CM3
		AM5	BM4 CM4
		AM6	BM5 CM5
		AM7	BM6 CM6
		AM8	BM7 CM7
			BM8 CM8
			BM9

Contidos	
Temas	Subtemas



Todas as prácticas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Que se realicen nunha organización coa que a Universidade da Coruña teña asinado un convenio.
- Que sexan titorados por un profesor da UDC designado polo coordinador do Máster, preferentemente doutor, e con docencia na titulación correspondente.
- A organización na que realicen as prácticas nomeará un titor, que será a persoa encargada da instrución do estudante e a persoa de contacto co Máster correspondente.
- A universidade asinará un convenio de colaboración coa organización na que se realizarán as prácticas, onde se especifique con claridade que o estudantado é acollido como persoal en prácticas, sen que teña dereito a esixir ningún tipo de contraprestación económica nin adquirir ningún dereito laboral. A universidade contratará un seguro de accidentes para cada estudante que cubra o período de estadía na empresa/institución.
- Despois de coñecer as organizacións coas que existe convenio de prácticas, cada estudante deberá elixir unha das organizacións ou ben propor outra do seu interese. Neste caso, será obrigatorio asinar un convenio entre a Universidade e o centro proposto. Se a demanda dos estudantes supera a oferta realizada por dunha determinada empresa ou institución a preselección realizarase por criterios académicos.
- Despois de elixir o destino, e de ter a comunicación escrita da aceptación do alumno no centro e do titor, notificaráselle ao alumno e cada estudante deberá elaborar e xestionar, na medida do posible, a súa propia proposta de prácticas con base nos seus intereses e nas posibilidades da organización. A proposta deberá ser presentada por escrito ao titor académico.
- Despois de tramitar as prácticas nunha organización, se o estudante decide cambiar de centro terá que solicitarlo por escrito ao coordinador do Máster, de xeito razoado, e non se poderá empezar a tramitar un novo destino ata que non teña notificación por escrito da aceptación do cambio. No caso de que xa fixese máis de 25 horas de prácticas, o titor emitirá un informe de avaliación que será tido en conta para a nota final do alumno.
- O alumnado adaptase ao réxime e horario establecido polo titor da organización e ao lugar de realización das prácticas.
- As prácticas realizaranse en réxime de media xornada ou xornada completa, pero en calquera caso, axustarase ao número de días de prácticas a realizar, co fin de que a súa duración sume, como mínimo, o número de horas que en termos de ECTS se computen no plano de estudos.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	150	0	150
Atención personalizada	0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Traballos tutelados	Ao final do período de prácticas, cada estudante presentará ao titor universitario unha memoria de prácticas (máximo 15 folios a ordenador, con tamaño de letra a 12 puntos e dobre espazo) no que se describa a práctica realizada e que atenda, entre outros, os seguintes puntos: - Portada con apelidos e nome do/da estudante, o centro de prácticas e os datos do titor do centro de prácticas - Índice detallado e paxinado - Introducción coa xustificación das prácticas, o horario e o tempo de permanencia - Características do centro, indicando o contexto, o modelo organizativo, a planificación etc. - Desenvolvemento das prácticas. Deberá realizar unha descrición detallada das actividades e tarefas realizadas durante a práctica. - Reflexión sobre a formación recibida
---------------------	--

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	As prácticas teñen tutorización por un profesor da UDC e por un membro da organización na que realicen as prácticas.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A avaliación das prácticas farase a partir dun informe emitido polo titor da organización onde se realicen e da memoria de prácticas elaborada polo alumnado que será avaliada polo titor universitario. Para acadar o aprobado a valoración de ambos aspectos deberá ter a cualificación de apto. Na cualificación final o informe do titor da organización representará o 80% da nota.	100

Observacións avaliación
A avaliación do titor da organización consistirá en contestar un cuestionario remitido ao titor da universidade no que se recollen aspectos relacionados co profesional, coa puntualidade, coa laboriosidade, coa adaptación ao medio, coas relacións humanas, coa motivación etc.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Marco xurídico para a xestión das políticas públicas/611440001
Institucións e políticas na Unión Europea/611440002
Financiamento das facendas subcentrais/611440003
Avaliación de programas e proxectos públicos/611440004
Contabilidade Pública/611440005
Orzamentos e control da xestión pública/611440006
Calidade e xestión pública/611440007
Goberno dixital: implantación e estratexias de e-administración/611440008
Observacións



CRITERIOS DE RECOÑECIMIENTO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL POR CRÉDITOS DE PRÁCTICAS EN EMPRESA.

Recoñecerase a experiencia profesional directamente relacionada coas materias impartidas no Mestrado, tendo en conta o posto desempeñado e a duración da actividade. Traballos asemade deben cumprir as seguintes condicións:

- Ser desenvolvidos nas distintas Administracións Públicas (local, autonómica, central), así como en organismos autónomos, empresas e entes públicos. Tamén nas organizacións non gobernamentais.
- Acreditar un mínimo de 6 meses de experiencia profesional.
- Enviar unha memoria da experiencia laboral na que deben figurar os datos da institución, as tarefas, actividades e período temporal da experiencia. Esta debe estar asinada e selada por unha persoa responsable do organismo.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías